

IES MANUEL

MURGUÍA ARTEIXO

N^{ao}.8

AGROMAR

OS NENOS DA INMIGRACIÓN ARTEIXÁ
EDICIÓN PLURILINGÜE



Poema en la añoranza de Cali

La diferencia de España y Colombia
Es que tengo más amigos
y acá casi no

Y porque allá yo sabía más
y acá casi no

Y porque en Colombia
hace mejor tiempo
que acá

Y porque mis amigos allá son,
Brian,
Stiver,
Jordan,
Benjamin



Poem missing Cali

The difference between Spain and Colombia
Is that over there I´ve got more friends,
And over here I´ve got hardly any ...

And that over there I used to know more
And over here I know hardly anything ...

And that in Colombia
The weather is nicer
Than over here ...

And that my friends over there are called
Brian,
Stiver,
Jordan,
Benjamin ...

AGROMAR . Nº 8



PORTADA

José Telmo Lodeiro.Vigo. (1936-1966).

Tamén coñece a condición de emigrante en París e Suiza.

ÍNDICE

Poem missing Cali	1
Editorial	2
Colaboración do escritor uruguaio M . Losa	3
Achora, a festa marroquí dos xoguetes	5
Mariages au Senegal	6
Historia de amor de Isabel e Melchor	8
Fêtes au Senegal	10
Mi vida en Colombia	12
Me chamo Ana Carolina, naci en Brasil	14
Convivir daquela maneira.	
Unha clase multicultural	17
Despedida dun compañeiro chileno	20

Esta revista contou coa colaboración dos Departamentos de L.Castelá, L.Francesa, L.Galega , L.Inglesa e Tecnoloxía.

SUMARIO

Tradución e adaptación de textos

Pedro Casteleiro
Lucía Carro Moreira
Ana Díaz Marcos
Cristina Galán Rap
Marifé Miragaya
Carme Peña
Luz Rivas Troiteiro
Eloi Rodriguez
Pilar Yiña

Fotografía

Nieves Rodriguez Arias
Marián
Proxecto Comenius
Fotos cedidas pola familia de Antonio Vidal.

Coordina

Puri Tejelo

Deseño e Maquetación

Puri Tejelo e Ana Belén Díaz

Impresión

Gráficas Mera

Depósito legal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Biblioteca do Instituto

Só unhas palabras. En realidade levamos oito anos verquendo palabras, as mesmas desde naceu AGROMAR. Esta vez ademais, os textos que escriben os alumnos do instituto recolléñse no idioma en que nacen e traducíronse ás diversas linguas que se falan hoxe en día na nosa comunidade educativa.

O noso ideario segue sendo o mesmo, comunicamos e aprender a convivir dentro da pluralidade. Esta publicación creou este espazo común coa intención de mostrar a mesma experiencia que se vive nas rúas da nosa vila, una convivencia diaria de xentes diversas, reflexo dun pequeno mundo, que, en realidade, leva moitos anos visitándonos, intercambiando linguas, cores e cultura.

Aquí quedan os seus relatos, historia reais que se nos sitúan no inicio da súas vidas, para emocionarnos e aprender coa oportunidade única que nos dá a escola a de formamos en común, que nos iguala, e nos coloca no punto de partida.

O noso agradecemento a cantos levan tantos anos colaborando e acompañándonos.



Para a Revista AGROMAR envío agarimosos saúdos e déixoo a miña experiencia como emigrante galego en Uruguai.


Aquel sábado do mes de xuño ía moi alborozado pola núa da Senra con algúns dos meus compañeiros, falando e facendo plans para os meses de verán... Na Porta Faxeira despedímonos e eu seguí só o meu camiño a carón da Alameda cara á miña casa na Avenida Rosalía de Castro. Levaba comigo os meus cadernos de traballos, o diploma e “Eustaquio”, o libro que me obsequiara como premio o mestre de terceiro ano da Escola dos *Hermanos*.

Faltaban varios meses para que nos fóssemos para Uruguai... polo tanto eu aínda non cavilaba acerca diso. Pero ese sábado de fin de curso, ao chegar á porta da miña casa, de pronto atopei co que non desexaba atopar.

--Ah! Xa chegaches, *Manolito*? A ver... axúdame a poñer os nomes a estes traballos que hai que entregar...

A clausura do taller de relozaría... así, de súpeto, era o que menos esperaba atopar ao chegar á miña casa. Tantos momentos felices naquel taller do meu pai, onde eu era axudante de todo servizo e que estaba a piques de desaparecer... Eu non acababa de entender, a miña nai e a miña irmá dobraban sabas e gardaban roupa nunhas maletas... “Que pasa aquí?!... Que pasa aquí?!” Naqueles tempos, os nenos estábamos afeitos a ser pacientes... pero eu rebentaba por saber e ao mesmo tempo... temía preguntar.

De pronto o meu pai achegouse e díxome: --Sabes?... É que... os que quedan co traspaso do piso necesitan canto antes, pois don Eufemio e a súa familia chegan mañá de Chantada para se instalar neste piso, así que esta tardíñaxa nos mudamos para dous cuartos da Rúa do Villar...



Manuel Losa Rocha

Nace en Santiago de Compostela, en xullo de 1940.

Emigra coa súa familia a Montevideo, a onde chega o 16 de novembro de 1953.

Libreiro, editor, fundador e integrante de Losa Libros.

Socio fundador do *Patronato da Cultura Galega*.

Ex integrante do consello directivo do *Centro Gallego de Montevideo*, o mais antigo da diáspora.

Integrou o consello directivo da *Asociación de Empresarios Gallegos del Uruguay*.

Cofundador do grupo de folk galego “Montegal”.

Integrante da Banda de Gaitas “Irmandade”, do *Centro Valle Miñor de Montevideo*.

Qué traes aí?... Ah!, os cadernos e as notas, claro. A ver. Carai!. A mesma nota que o ano pasado! .Moi ben! E ese libro? Vaia, déronche un libro de premio!. Será o teu primeiro libro, eh?.

A miña nai tamén se achegou, reparou no libro e de súpeto apreixoume con forza e acanicoume o cabelo repetidas veces. Tardou en falar, notei que algo a angustiaba, pero ao final díxome:



-Mira, *Manolito*... na Rúa do Villar estaremos pouco tempo e arranxarémonos moi ben no cuarto e medio que nos conseguiu don Eufemio... xa verás... E cando cheguemos a Montevideo... alá si que viviremos ben... Podereivos dar carne e pan todos os días e o que queirades... teremos de todo... Non nos faltará nada de comer, nin de nada. Xa o verás, meu filliño!

Iso era o que menos me interesaba, marchar para Montevideo ou para calquera outro lugar, iso non me interesaba en absoluto, e o de comer?, Para min era igual unha sopa de allo ou unhas papas de millo ou caldo de unto. Eu sentíame moi feliz onde estaba.. ese era o meu mundo que non o quería cambiar por nada... sentíame coma se fose o rei dese mundo!

Despois de nos mudar para a Rúa do Villar... endexamis volvían pasar por diante da miña casa.

Faltando máis ou menos un mes para me afastar do meu paraíso, na Escola dos *Hermanas* todos os meus amigos desapareceron e eu... deambulando sen rumbo polas rúas do meu *pueblo*... De pronto quedara máis só ca o meu gato Michón!... Aínda para colmo, tiña que coidar ao meu irmán pequeno pois a miña irmá e máis a miña nai comezaran a traballar na praza de abastos como vendedoras de pescado... Non facía nada, ía e viña dun lado para outro pola Alameda, pateando pedras e ata me daban ganas de coller unha máis grande e tirarlle a algún foco de luz. Nin ía á misa das once na Escola, nin ía axudar ás señoritas da Porta Faxeira que ensinaban o catecismo que ás veces me regalaban roupa que lles enviaban os emigrantes de América. Que desagradecido...!

O mesmo día que deixamos a casa da Avenida Rosalía de Castro para nos mudar á Rúa do Villar... comezou a miña rebeldía... Ao final, xa estaba a desexar marchar para Montevideo e esquecer Santiago dunha vez e para sempre...!

Achora, a festa dos xoguetes

Iman e Waffa

Algún tempo despois daríame conta do equivocado que estaba. Dende o último vagón do tren vía como Compostela se afastaba, cada vez máis... E cavilaba... “Será para sempre?... Volverei algún día?...”

.....
ACHORA, a festa dos xoguetes



Queremos presentarnos. Somos Imán e Wafa, dúas irmás marroquís que chegamos este curso ó Instituto Manuel Murguía de Arteixo sen falar nin comprender nada de español. Tiñamos uns coñecementos moi básicos de francés. Estamos estudando 1º e 3º de E.S.O.

Agora que o curso está a piques de rematar, xa comprendemos sen problemas a lingua española e tamén nos facemos entender, aínda que o noso vocabulario é sinxelo e teñamos erros na lingua escrita. Integrámonos moi ben aquí porque hai bastantes alumnos marroquís e non nos sentimos illadas. Case ó remate do curso, os nosos pais dixéronnos

que o curso vindeiro non iamos continuar a vivir en Arteixo, xa que, debido o traballo do noso pai no norte de Portugal, iamos vivir en Tui (Pontevedra). Esta nova púxonos tristes porque imos ter que deixar os nosos amigos de aquí e coñecer xente nova, aínda que estaremos os catro xuntos, e as profes din que Tui é unha vila moi fermosa

Non queremos despedirnos sen deixarvos un recordo da nosa estada no Instituto de Arteixo e, qué mellor, que contarvos polo miúdo unha festa curiosa e pouco coñecida do noso país.

Chámase ACHORA e, fundamentalmente, é un gran mercado de xoguetes, pero é moito máis. Véndense monecos, balóns, coches, etc. Tamén se venden todo tipo de froitos secos: cacahuets, nozes, améndoas...

Acode toda a familia. É unha festa moi curiosa porque é unha mistura do Nadal e o Entroido europeos; ademais hai fogueiras nas rúas como na noite de San Xoán.

A xente leva auga en vasos ou caldeiros e lánzalla ós demáis. Tamén se lanzan ovos e ¡lixivial! ¡Un pouco salvaxe, non? Pero moi divertido.

Pola noite, despois de tantas emocións, toda a familia se xunta para cear.

Moitos bicos a todos e ata sempre.

Mariages en Senegal

Margot e Mali

Il y a de nombreuses fêtes dans notre pays où l'on danse au milieu d'un cercle au son des tam-tam. Les mariages font partie aussi de ce type de fêtes et cette danse est connue avec le nom de Xabar. Des gens -"grio"-jouent du tam-tam et les femmes dansent.

Les fêtes de mariage durent deux jours. Dans notre pays, la polygamie est autorisée. Le mari doit signer un papier à la mairie où il s'engage à vivre avec une seule épouse ou avec plusieurs. S'il ne tient pas la parole donnée, l'épouse peut le dénoncer à la police.

Quand on fête un mariage, seulement les garçons doivent aller à la mosquée. Les femmes ne sont pas autorisées d'y aller.

Le jour du mariage, très tôt, quelques membres de la famille vont chez la fiancée et quelques autres chez le fiancé pour organiser le banquet de mariage. Le fiancé achète une vache, un mouton et des poules pour préparer un bon repas.

À onze heures du matin, la fiancée va chez le coiffeur et chez le couturier et elle essaie les robes qu'elle va mettre ce jour-là. À trois heures de l'après-midi, on prend le déjeuner. Après, la fiancée salue tout le monde. Ensuite, elle rentre chez le couturier et elle met une nouvelle robe.



En moitas das festas do noso país, báilase no medio dun círculo ao son dos tambores. Esta danza chámase Xabar. Uns homes -gris- tocan o tam-tam e a xente baila dentro do círculo.

As vodas son celebracións que se festexan durante tres días. No noso país, aínda que está autorizada a poligamia, non está moi estendida e, cando se celebra unha voda, o noivo debe asinar un papel no que se compromete, ben a ter unha soa muller, ou ben, a que terá varias mulleres. Se se compromete a ter unha soa e incumpre ese contrato, a muller pode pedir o divorcio e o goberno concédello.

Cando se celebra unha voda, á mesquita só vai o noivo; a noiva queda na súa casa.

O día da cerimonia, moi cedo, algúns familiares van á casa da noiva e outros á do noivo para organizar o banquete. O noivo merca unha vaca, un cordeiro e galifias para preparar un bo xantar.

Ás once da mañá, a noiva vai á peiteadora e tamén proba os vestidos que vai poñer ese día. Ás tres da tarde celébrase o xantar. Unha vez rematado, a noiva saúda a todas as persoas que están alí; despois, vai de novo á peitearse e muda o vestido.

As mulleres bailan dentro do círculo, o xabar. Pola tarde, os homes teñen que ir buscar á noiva e os pais dela van á mesquita para rezarlle ao bo Deus por un matrimonio feliz.

Ás oito da tarde, a noiva pon o traxe da cerimonia e a xente trae regalos. Cómesse polo, carne, moitos doces e tómase algo fresco para beber.

Os vestidos, tocados e xoias das mulleres son especialmente coitados, as teas, son luxosas e coloristas. Durante a celebración, os convidados eloxian as virtudes da noiva e a educación que súa nai lle deu.



Historia de amor de Isabel e Melchor

Melchor viaxou a Uruguai nun barco que pertencía á compañía Monteudala e a viaxe durou dezaoto días. Os ocupantes do barco eran practicamente todos españois, e, na súa gran maioría, galegos.

Custoulle moito adaptarse ó seu novo fogar, pois foron momentos moi difíciles e estivo tres meses sen atopar traballo.



O seu primeiro emprego foi como camareiro, pero ós seis meses decidiu marchar porque atopou outro mellor, dependente dunha ferraxaría, onde traballou tres anos, e posteriormente foi contratado como taxista, e de aí pasou a ser chófer da familia do cónsul español, onde traballou durante once meses ata que trasladaron o cónsul a Canadá e entrou como accionista na compañía de transporte público

C.U.T.C.S.A

Isabel era unha rapaza de dez anos que tiña a súa vida establecida en Ourense con seu irmán maior, que tiña quince anos e os seus avós, pois seus pais emigraron a Uruguai cando ela tiña dous anos.

O seu avó levouna a ela e a seu irmán a Vigo para que tomaran o barco e, como eran menores, viaxaron a cargo do comandante do barco.

A despedida de seu avó foi moi dura e triste, pois ela e seu irmán criáronse á súa beira.

Emigraron coa compañía Monteudasa e tardaron vinte días en chegar ao seu destino.

Ao chegaren, os seus pais recibíronos cunha gran festa, pois conseguiran un bo traballo e tiñan un nivel económico alto, pero aínda así, os comezos no Uruguai foron moi duros, poise la non recoñecía a seus pais e custoulle adaptarse.

Ángel criouse no Uruguai e pisou terra galega por primeira vez ós doce anos e veu de vacacións para coñecer á súa familia residente aquí. Volveu viaxar ós dezaioito anos a Galiza grazas ao programa da Xunta de Galicia para fillos de emigrantes, que aínda existe hoxe en día.

No Uruguai coñeceu a Andrea, e cando levaban sete anos xuntos quedouse embarazada, co que decidiron emigrar a Galiza debido á mala situación económica e social na que se atopaba Montevideo.



A súa filla, Julieta, naceu en Burela (Lugo) e ós vinte días regresaron a Uruguai coa esperanza de que a situación mellorara, pero foi todo o contrario.

Permaneceron case dous anos no Uruguai para arranxar todo e emigrar definitivamente a Galiza, así que Ángel viaxou a España para conseguir traballo e poder establecer un fogar, e ós seis meses pisaron terra galega Andrea e Julieta.

Andrea viviu toda a súa vida no Uruguai, e aínda que deixou dúas irmás e seus pais aló e lle resultou moi duro viaxar por primeira vez deixando o seu fogar en Montevideo, séntese moi orgullosa de formar parte do pobo galego para ofrecerlle á súa pequena un bo futuro e unha boa calidade de vida.

Ela e Ángel están establecidos en Arteixo e non lles gustaría voltar ó Uruguai se non é para iren de vacacións.

Actualmente, Melchor e Isabel atópanse de vacacións na nosa Galiza disfrutando da compañía do seu fillo, a súa muller e a súa neta, e non descartan a posibilidade de voltar á súa Galiza natal.

FÊTES AU SENEGAL



Nous sommes deux soeurs sénégalaises de treize et seize ans ,Margo et Mati . Nous sommes arrivées au lycée quand l `année scolaire 2008/ 2009 avait déjà comencé. Au début ,nous ne parlions pas un mot d `espagnol et on s `entendait en français avec les professeurs. Maintenant, on peut déjà parler un peu , même s `il nous manque précision et on va profiter pour vous parler du menu des principales fêtes de notre pays.

Notre religion ,comme celle de la majorité de nos concitoyens est la musulmaine et c `est pour cela que nos fêtes sont étroitement en rapport avec la tradition religieuse.

La Korite est une fête très attendue parce qu `elle a lieu à la fin du Ramadan. On prépare des petit-déjeuners et des déjeuners très appétissants.

La Tabaski est fêtée pour tous les musulmans qui habitent au Senegal. Le matin, tôt, tout le monde se prépare pour aller à la mosquée et, quand on rentre , on tue un mouton .C `est un offre à Dieu qui rappelle le sacrifice d `Abraham qui devait tuer son propre fils et à sa place, il offrit un mouton.

La Mouloud est une fête qui rappelle l `anniversaire de la naissance de Mohamed. Dans notre ville , à Tivaouane on la fête particulièrement parce qu `on croit qu `un descendant du prophète y a vécu.

Somos dúas irmás senegalesas de trece e dezaseis anos, Margo e Mati. Chegamos, xa comezado o curso, ao Instituto Manuel Murguía. Ao comezo, non falabamos nada de español e comunicabámonos en francés. Agora xa podemos comunicarnos, e aínda que nos falta fluidez, queremos falarvos un pouco das principais festas do noso país.

A nosa relixión, como a da maioría dos nosos compatriotas, é a musulmá e, por iso, as nosas festas están estreitamente relacionadas coa tradición relixiosa.

○ Koritte é unha festa moi agardada porque ten lugar ao final do Ramadan. Prepáranse almozos e xantares moi apetitosos.

○ Tabaski é celebrado por todos os musulmáns que viven en Senegal. Pola mañá cedo, todo o mundo se prepara para ir á mesquita e, cando regresan, matan un cordeiro. É un sacrificio realizado para recordar o día no que Abraham debía matar o seu fillo como ofrenda a Alá e ofrecía, no seu lugar, un cordeiro.

○ Maouloud é unha festa que recorda o día que naceu Mohamed. Na nosa cidade, Tirouane, celébrase especialmente porque se cre que un descendente do profeta viviu aquí.



Yo nací en Colombia, especialmente en el Departamento de Boyaca y el municipio de Buitama. Este lugar fue el que me vió nacer, me formó como persona y me educó. Era un 28 de enero del 94. El día que nací, mi familia, ansiosos de mi llegada, esperaban en la sala de espera. A los cuantos días mi padre y mi madre me adecuaron el nombre de Catalina María (por cierto, qué lindo nombre, fue perfecto!).

Pasados 4 anos era la hora y el momento de entrar en el colegio, llamado: Colegio Nacionalizado la Presentación. Allí duré 11 años, los cuales quedaron marcados en mi vida y aquellos momentos felices y tristes que pasé allí nunca serán olvidados de mi mente y de mi corazón. Siempre tendré presente mi colegio y siempre lo defenderé. En cuanto a mis amigas... eran muchas, me da mucha tristeza haberlas dejado; amigas que estuvieron desde la infancia, las cuales estuvieron conmigo en las buenas y las malas, las adoro y las llevo en mi corazón.



A miña vida en Colombia


Texto: Catalina Morales

Eu nacín en Colombia, no departamento de Boyaca e no concello de Buitama. Este foi o lugar que me viu nacer, que me formou como persoa e no cal me eduquei. Era un 28 de xaneiro do 94, e a miña familia, ansiosa pola miña chegada, agardaba na sala de espera. Pouco despois meus pais puxéronme o nome de Catalina María (por certo, que lindo nome, foi perfecto!).

Pasados catro anos, foi a hora e o momento de entrar no Colegio Nacionalizado La Presentación. Alí quedaron marcados once anos da miña vida e aqueles momentos felices e tristes nunca serán borrados da miña mente e do meu corazón. Sempre terei presente o meu colexio e sempre o defenderei. En canto ás miñas amigas... eran moitas, prodúceme tristura deixalas, amigas desde a infancia, as cales estiveron comigo nas boas e nas malas... adóroas e lévoas no meu corazón.

Cuando era pequeña las cosas o actividades que me encantaban eran mirar la televisión, divía programas para niños que generalmente los presentaban en las mañanas . Además de ello me encantaba hacer un deporte, en especial gimnasia, pero como lo dije fue de pequeña , actualmente no lo hago, por las causas de no tener apoyo y pues en si yo no lo quería seguir. En fin, hacía el resto de cosas que a toda niña pequeña le gusta hacer. Por otro lado, después de 14 años mi vida cambió; mi familia, que es muy unida , amorosa y valiosa para mi, se comenzó a destruir. Mi padre por cuestión de trabajo tenía que viajar a otro país, España. Fue muy duro para mi, pero después entendí que esto era lo mejor tanto para mi familia como para mi.

Año y medio después mi madre hizo lo mismo. Fue aún más duro. Fue muy tenaz, pero ellos estaban allí con el propósito de que más tarde mis hermanas Jéssica, Danielle y yo viajáramos con el fin de tener un buen futuro y una vida profesional adecuada.



Cando era pequena engaiolábame a televisión, programas para nenos, xeralmente presentados polas mañás.. Ademais diso, encantábame facer deporte, en especial a ximnasia, pero, como dixen, foi de pequena; arestora xa non practico por non ter apoio e porque xa non quería seguir.. En fin, o resto das actividades eran aquelas que a toda neniña lle gusta facer.

Por outra banda, despois de catorce anos a miña vida mudou. A miña familia, que está moi unida, amorosa e valiosa para min, comezou a se destruír. Meu pai por cuestión de traballo tivo que viaxar a España. Foi moi duro para min, pero entendín que isto era o mellor tanto para a miña familia como para min.

Ano e medio despois miña nai fixo o mesmo. Resultou aínda máis duro. Foi moi tenaz. Pero meus pais marcharon co propósito de que máis tarde miñas irmás Jéssica, Danielle e eu viaxásemos para ter un bo futuro e unha vida profesional axeitada.

Naci en Brasil

Ana Carolina

Me chamo Ana Carolina, naci no dia 2 de janeiro de 1993 em Goiôna , Goiás, Brasil.

Olho para o mar e consigo recordar-me com carinho de todos os momentos passados ao longo dos meus pequenos 15 anos . Recordações que me fazem chorar por vezes nao por veren más, mas sim por me fazerem sentir saudades.

Sinto saudades da minha familia que está do outro lado do Oceano Atlântico, durante a miña infância vivi momentos muito felices ao lado deles, desde as festas de aniversários que eram muito engraçadas e simples, passando pelos dias de verão em que nos reuníamos todos nos fins de semana para ir à piscina refrescar e pelos dias de chuva e temporais em que juntávamos os primos todos para assistir um filme debaixo das mantas, a comer pipocas com Coca-Cola, até aos dias da Natal em que fazíamos enorme festa com direito a Pai-Natal e prendas debaixo da árvore.



Mas como nem tudo na vida é fácil e meu pai queria oferecer-me a mim e ao meu irmão uma melhor condição de vida no futuro, tive que presenciar a sua partida para Portugal, à procura de uma vida melhor para nossa família.

O meu pai sempre foi um membro essencial na família, está sempre bem humorado, com boa disposição e um sorriso no rosto, para mim sempre foi e será um exemplo de vida, e com sua partida sofri muito, porque somos muito apegados um ao outro.

Passado um ano, foi a minha vez, acompanhada da minha querida mãe e do meu irmão, deixamos no Brasil os amigos, e a escola. Tinha apenas onze anos de idade quando cheguei em Santiago do Cacem, Alentejo, Portugal; não conhecia ninguém e estava triste por isso, mas ao mesmo tempo feliz por ter ao meu pai de volta.

Passado uns meses começou a escola e pude me enturmar e fazer amigos espetaculares, ali reconstruí o pequeno pedaço que faltava da minha infância e o início da minha juventude.



No início não gostava de Santiago e queria voltar para Brasil, mas assim que comecei fazer amizades permanentes esqueci-me desse desejo e a única coisa que não desejava era sair dali. Assim foi durante quatro anos, os melhores quatro anos que já tive até hoje, em Santiago aprendi a conviver com a saudade, aprendi a escolher amizades, aprendi a diferenciar o bem do mal, aprendi a recomeçar e a voltar ser feliz. Ali vivi momentos inesquecíveis, dos quais sinto muitas mas muitas saudades, desde aprender a falar português de Portugal, a estar na mesma classe desde que cheguei do Brasil, a conhecer as mesmas pessoas que ao longo do tempo vão se tornando especiais até senti-me uma brasileira-portuguesa. Tive a sorte e fazer amigos que nunca me discriminaram por ser imigrante, pelo contrário, sempre me trataram com igualdade e carinho, mais uma vez vi o sol brilhar de uma forma especial, tinha um brilho intenso que mesmo nos dias nublados de inverno não se apagava....

Mas mais uma vez os meus pais pensaram no meu futuro e decidiram vir morar em Arteixo, aceitando uma proposta de trabalho do meu tio. Para mim é tudo muito novo e confesso que não queria vir, mas não vivo sem a minha família e sei que os meus pais nunca me deixariam para trás. Não sinto raiva deles nem os quero mal, pois sei que tudo o que fazem agora irá reflectir no meu futuro e ainda os agradecerei por me terem dado esta oportunidade de vida, além disso os amo e tanto minha mãe, meu pai e meu irmão são especiais para mim.



Convivir daquela maneira.

Profesora Lucía Carro Moreira

Somos 1º de ESO F, do curso 2008-2009, un grupo máis do instituto Manuel Murguía, un grupo máis de Arteixo, de Galicia, de España... do mundo... e, por iso, convivimos aquí persoas de seis países de orixe diferente: España, Marrocos, Arxentina, Cuba, Suíza e Alemaña.

Convivimos... “daquela maneira”, unhas veces mellor e outras cos nosos “encontronazos”, mais –penso- os problemas que xorden non son diferentes dos que pode haber noutras aulas “uniculturais”; máis ben, son conflitos xerados pola idade, polas nosas personalidades particulares, ou polas diferenzas que xorden ó longo de tantas horas xuntos.

O primeiro día de clase, notábase que a titora estaba un pouco despistada co tema da inmigración arteixá, e que nunca lera certos apelidos como Aamar ou Bouchilat, e, incluso, ó pasar lista dubidaba se pronunciar / Mojamed/ ou /Mahoma/... menos mal que, non sei como, amañouse para que o alumno dixese o seu propio nome, para saír do apuro.

Pero o momento verdadeiramente desconcertante foi cando un dos primeiros días, mentres liamos un texto, Sara ergueu a man con esa timidez e dozura que a caracteriza, e, con cara de circunstancias dirixiuse á profesora en voz moi baixiña dicindo: “A Wafa no la mandes leer, porque no entiende el idioma”.

Vaial, debeu pensar a profesora, e ela que pensaba que estaban caladiños todos atendendo á lectura, e resulta que algún nen entendera a súa presentación do primeiro día. Menos mal que no Manuel Murguía hai profesores de español para estranxeiros, e ó final non foi todo tan complicado como parecía que ía ser.



Poderíámosvos contar moitas anécdotas do noso día a día –deixando a un lado as nosas discusións: que se un me colleu un boli e non mo devolve, que se a empuxei sen querer, etc.etc.- que, non sei se interesantes, mais únicas, e que só poden suceder nunha aula multicultural coma a nosa.

Por exemplo, ás veces a un compañeiro dáselles por facer metáforas na clase de lingua, sobre a pel e o tipo de café: el é café con leite escuro, pero tamén temos descafeinados clariños, e mesmo leite condensada... todo sexa por aprender recursos literarios. Por outra parte, a través da observación e a reflexión, un alumno descubriu unha reacción química nova: seica ós homes españois pónselles o bigote loiro por beber cervexa. En canto a relixión, aprendimos que os musulmáns estaban nun erro ó negarse a “falar en cristián” cando a profesora llelo pediu, e que, aínda que o fixesen, non contravían nengunha crenza.

Na hora de Proxecto Interdisciplinar temos que escribir receitas de cociña típicas dos nosos países de orixe, e as máis comentadas son a do *cuscús* marroquí e o *mate* argentino. O curioso é que algún compañeiro non sabe dicir se algunha comida que lle gusta é española ou non... será porque as persoas non obedecemos –afortunadamente- a encasillamentos, e somos, cada vez máis, cidadáns dun mundo con menos fronteiras psicolóxicas.

En canto ó vocabulario, adicamos algunha sesión de Titoría para que cada quen escollese palabras moi usadas (saúdos, comidas, prendas de vestir...) no seu idioma, e nos





Na hora de lectura, cando nos poñemos sentimentais con poemas, entre bágoa e bágoa por un amor non correspondido, algún alumno choroso afirma *despechado*: “Por iso é mellor que os teus pais che escollan a parella!” [...] e entón nótase que a profesora non pode evitar sacar a súa vea máis occidental, e botar unha parrafada reflexiva e un tanto ambigua, trala que quedamos todos como estabamos. Por certo, agora xa todos podemos (porque xa todos sabemos) ler, e incluso entonar mellor cá maioría a alumna que ó principio non sabía nen as letras.

Que máis podemos contar? O certo é que nos pediron que falasemos en torno á inmigración na nosa aula, e chegamos a cubrir unha breve enquisa sobre os nosos recordos, medos, preferencias... Pero saíron todas iguais: todos botamos moito de menos ós amigos que quedaron no noso país de orixe, o primeiro que todos recordamos da chegada son os curmáns que nos agardaban aquí, e a maioría respostamos que só volveríamos ó país no que nacimos de vacacións.

Por iso, pareceunos máis interesante falar sobre as anécdotas reais que van configurando o “currículo oculto”, que reflexan as nosas peculiaridades, as nosas mundo. diferentes visións sobre o mundo.

Polas boas lembranzas... *-Con estas palabras Pudriegas, a revista dos alumnos despedíase de Sito, o seu compañeiro chileno -*

Agora, xa un tempo despois de que se marchase,
e de que nos deixase aquí,
continuamos as nosas vidas co peso da súa ausencia ...
A súa despedida foi emotiva, e difícil, pero agora ver cada mañá
a súa cadeira baleira deixa en nós un vacío
que día a día se vai convertendo en case algo normal.
Sen embargo, a pesar de todo isto aínda lembramos
os bos momentos que este gran rapaz nos fixo pasar ao seu lado.
Cun sorriso sempre presente, e cunhas ganas de vivir que
en moi poucas persoas atopamos, *Sito* trouxo consigo
moi bos momentos para os que tivemos a sorte de coñecelo,
ben cando chegou ou ben cando estaba a piques de voltar.
Dende aquí, dámoslle todo o noso apoio para que
esta experiencia máis na súa vida sexa o máis fácil posible,
e desexámoslle o mellor. Unha gran aperta, e ata pronto.....





*Esta revista rematouse de imprimir
en decembro 2009, ano de
Ramón Piñeiro*

dicembre 2009

